



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación

Mediante Orde do 24 de outubro de 2017 foi convocado concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (DOG nº 210, do 6 de novembro).

A base vixésimo sexta, sobre resolución provisional do concurso, establece que unha vez recibidas na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria as actas da comisión avaliadora, coas puntuacións asignadas ao persoal concursante, procederase, conforme as peticións e os méritos dos participantes, a adxudicación dos destinos, e faranse públicos, na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)).

Na súa virtude esta dirección xeral

#### DISPÓN

Primeiro. Adxudicar destino provisional ao persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación que figuran na páxina web desta consellería para cubrir prazas nos centros ou sedes que alí se especifican.

Segundo. Publicar as relacións de persoas excluídas na páxina web desta Consellería polas causas que se indican.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

Terceiro. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base vixésimo novena da Orde do 24 de outubro de 2017, cabe reclamación no prazo de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web. O prazo de renuncias será o mesmo que o establecido para as reclamacións.

Non obstante, serán admitidas as reclamacións e renuncias presentadas con anterioridade.

Cuarto. O persoal funcionario do corpo de mestres que estea participando simultaneamente nesta convocatoria e no concurso de orientación e que obteñan praza na xefatura de Departamento de Orientación, entenderase que renuncian á participación no concurso xeral.

Quinto. As reclamacións e renuncias poderanse presentar polos procedementos a que alude a base vixésimo segunda e remitiranse ademais por correo electrónico a [persoal.primaria@edu.xunta.es](mailto:persoal.primaria@edu.xunta.es) e [persoal.secundaria@edu.xunta.es](mailto:persoal.secundaria@edu.xunta.es), dentro do prazo establecido.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jose Manuel Pinal Rodriguez

